


GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria



XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

Presidente

Manuel Domínguez Sardiña

Vicepresidentes

María Jesús Freiria Tato
Jesús Sueiro Justel

Secretario

Vital José Diéguez Pereira

Tesoureira

María Nuñez Temes

Vogal de Docencia

Ricardo Iglesias Losada

Vogal de Investigación

M^a Victoria Martin Miguel

Vogal de Prensa

Begoña Peiteado Garrido

Vogal del PAPPS

M^a José Veleiro Tenreiro

Vogal de Médicos Xovenes

Flora Miranda Pena

Vogal de grupos de traballo

Jaime González Rey

Vogal de Medicina Rural

Gabriel Díaz Grávalos

Vogais de Residentes

Alberto Touceda Bravo
Ángel Piñeiro López

Vogal responsable da páxina web

Gerardo Palmeiro Fernández

SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.
15004. A Coruña
Teléfono: 981 216 416
Fax: 981 217 542
e-mail: congrega@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

1 GRUPO DE ALCOHOL

Responsable: *Jacinto Mosquera Nogueira*

2 GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER

Responsable: *Abel Coutado Méndez*

3 GRUPO DE CIRURXÍA MENOR

Responsable: *Javier Maestro Saavedra*

4 GRUPO DE CUIDADOS PALIATIVOS

Responsable: *David Vaquerizo García*

5 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAÚDE

Responsable: *Ana Carvajal de la Torre*

6 GRUPO DE DIABETE

Responsable: *Fco. Javier García Soidán*

7 GRUPO DE DISLIPEMIAS

Responsable: *Alberto J. Del Álamo Alonso*

8 GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL

Responsable: *Concepción González Paradela*

9 GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR

Responsable: *Enrique Nieto Pol*

10 GRUPO DE RESPIRATORIO

Responsable: *César Rodríguez Estévez*

11 GRUPO DE CARDIOVASCULAR

Responsable: *Luis Fransi Galiana*

12 GRUPO DE TABAQUISMO

Responsable: *Xulio Castañal Canto*

13 GRUPO DE URXENCIAS

Responsable: *Fernando Souto Mata*

14 GRUPO DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

Responsable: *Rosana Izquierdo Fernández*

15 GRUPO DE BIOÉTICA

Responsable: *Pilar Vázquez Pumariño*

16 GRUPO DE ENFERMIDADES NEFROUROLÓXICAS

Responsable: *Mónica Diosdado Figueirido*

17 GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL

Responsable: *Vital Diéguez Pereira*

18 GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS

Responsable: *Marina Cid Sueiro*

¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asóciate a AGAMFEC!

II XORNADAS DE OUTONO DA AGAMFEC

Acábanse de celebrar os días 23 e 24 de Novembro no Hotel "Puerta del Camino" en Santiago as II Xornadas de outono da AGAMFEC. Como algúns xa saberedes trátanse dunhas xornadas organizadas dende a Xunta Directiva da AGAMFEC que teñen como finalidade xuntar a algúns socios para debater temas que nos preocupan. Este ano contamos cunha asistencia de 42 persoas, entre as cales había membros da Administración, anteriores presidentes da AGAMFEC, xente dos nosos grupos de traballo e socios que traballan no rural, nos PACs, etc. A todos eles lles damos as grazas polo esforzo que lles supuxo e por adicarnos parte do seu tempo libre.

Os temas que este ano se debatiron foron dous:

- Organización da AP
- Carreira profesional

Dentro do Grupo de "Organización da AP" tratáronse os seguintes temas:

- Reforma do Decreto 200 (redefinición de áreas de saúde, eliminación de periféricos, acelerar integración de APD e Cupo)
- Sistema retributivo (retribución por TIS e por tramo de idade, non diferenzas retributivas entre xornada ordinaria e extraordinaria, pago nocturnidade e festivos en PACs, etc.)
- Organización do sistema de AP (protocolos comúns entre AP e AE, xornadas de tarde, atención continuada)

- Reorganización das urxencias
- Participación cidadán
- Atención domiciliaria
- Definición de funcións
- Carteira de servizos
- Papel da enfermaría, das áreas administrativas
- Papel do xefe de servizo
- Papel das Xerencias
- Xestión de recursos
- Desburocratización, receita electrónica, traballo con protocolos evaluando indicadores de resultado.
- Investigación, docencia

Mesa de carreira profesional. Os temas a tratar nesta mesa foron:

- Definición
- Situación actual e limitacións
- Proxecto de novo réxime
 - Descrición
 - Criterios xerais de avaliación
- Consideracións
- Papel de Agamfec

Co traballo destes grupos dende a AGAMFEC preténdese seguir avanzando para elaborar un documento provisional das conclusións e accións, que se someterá a debate e, se procede, a súa aprobación na asemblea da agamfec de Vigo no próximo congreso.

FORO DA CIDADANÍA E A COMUNICACIÓN

A revista CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA foi convidada a participar no Foro da Cidadanía e a Comunicación celebrado e organizado na Facultade de Ciencias da Comunicación o 9 e 10 de novembro de 2007.

O obxectivo do Foro era presentar revistas do chamado Terceiro Sector Galego (cultura, educación, sanidade, servizos sociais, movementos alternativos,...) e avaliar a posibilidade de colaborar no futuro. Os obxectivos pódense coñecer máis extensamente na súa páxina web: <http://www.cidacom.com/foro/gal/obxetivos.asp>.

Participamos no Foro para presentar a revista e comunicar a nosa simpatía pola posible colaboración da nosa publicación con outros medios. A realidade é que moitos dos contidos tratados na sanidade teñen unha dimensión

transversal polo que podería facilitar o seu manexo unha posible colaboración con outras publicacións de temáticas diferentes.

Nas conclusións acordouse ter unha nova reunión cos outros medios interesados para intentar concretar e operativizar esa posible colaboración.

Achégase o texto da presentación de Ramón Veras Castro, en representación da revista:

Presentación da revista CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Autor: Ramón Veras Castro

Organización: Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria

CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA é unha publicación sanitaria, na que a temática fundamental é a medicina de familia e comunitaria.

A cabeceira é propiedade da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC), sociedade científica galega. Os obxectivos desta asociación son os seguintes:

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

A revista nace nunha época difícil para a medicina de familia, en 1994, anos nos que en Galiza esta especialidade non está ben considerada polo poder. Situación ésta que aínda fai máis necesaria a creación da revista como medio de expresión de opinión e como forma de ampliar a credibilidade científico-técnica. Búscase naquel momento contar cun medio que permita abrir a propia sociedade científica ao resto de profesionais sanitarios e á sociedade en xeral.

Os obxectivos da revista eran e seguen sendo:

1. Impulsar o desenvolvemento da atención primaria galega.
2. Potenciar a calidade científico-técnica dos médicos de familia e demais profesionais da atención primaria.

3. Estimular a creación científica orixinal mediante investigación propia galega. A revista é unha oportunidade para os investigadores iniciais ou os MIR, xa que encontran un espazo para publicar, aspecto moito máis difícil en revistas de ámbito estatal ou internacional.
4. Finalmente, facilitar un espazo aberto para o debate sanitario e profesional.

A edición faise en galego aínda que as colaboracións publícanse no idioma elixido polos autores. A publicación é cuatrimestral. A tiraxe total é de 3200 unidades por número distribuídos do seguinte xeito:

- 898 médicos socios da AGAMFEC
- 1739 médicos de atención primaria do SERGAS (non socios da AGAMFEC)
- 307 pediatras de atención primaria do SERGAS
- 212 persoas e institucións de interese (bibliotecas sanitarias, index medicus español, direccións do SERGAS, xornalistas de medios de comunicación sanitarios e xerais, sindicatos,...

A distribución faise gratuitamente por correo postal e colócase tamén na páxina web da AGAMFEC (www.agamfec.com), onde se pode ver o último número e conta cun buscador por temas. Esta páxina web está neste momento en reformas.

Pola súa tiraxe e por ser a única revista en Galiza con estes contidos, é unha revista dun grande impacto e de moita utilidade profesional e social.

A estrutura da revista é moi amateur. Non hai xornalistas nin documentalistas. Está formada por:

- Unha dirección, dúas persoas, que deciden os contidos da edición e revisan os manuscritos, e o consello de redacción que colabora na edición e decide os obxectivos anuais e a liña a seguir.
- As colaboracións dos autores para as diferentes seccións, non remuneradas, ben a demanda da dirección ou por iniciativa propia.
- E o que sí está contratado é a secretaría técnica, e as empresas que se encargan da maquetación, impresión e distribución da revista así como a que soporta a páxina web.

Na portada da revista pódense ver as seccións, onde sempre aparece unha foto, normalmente de Galiza. As seccións son as seguintes:

- Editorial elaborada ou encargada pola directiva da AGAMFEC
- Espazo para o debate é unha sección onde calquera lector pode enviar unha opinión sobre calquera tema de polémica científica, profesional, sindical ou de política sanitaria.
- A sección de Orixinais é o espazo para publicar investigación cuantitativa ou cualitativa.
- As Actualizacións teñen varios formatos:
 - i. Para saber de... que son revisións dun tema
 - ii. Habilidades e Terapéutica: utilidades concretas e prácticas para aplicar na consulta
 - iii. Artigos dos Grupos de traballo da propia AGAMFEC
 - iv. Biblioscopia: revisións bibliográficas do publicado sobre un tema concreto na literatura mundial.
 - v. Alerta bibliográfica con impacto clínico: comentario dun traballo que provocara un cambio na práctica clínica.
 - vi. Casos clínicos, onde se formulan casos en forma de test
- Colaboracións, unha delas sobre dereito sanitario pero poden ser de calquera aspecto sanitario ou científico.
- Educación sanitaria, espazo adicado a traballos con esta temática.
- Humanidades, onde nos gustaría que puidesen expresarse os lectores, ben cunha poesía ou un relato ou cun comentario persoal dalgún libro.
- Finalmente, o espazo para Cartas ao director, un lugar par comunicar un caso clínico ou facer algún comentario sobre o publicado en números anteriores.

A revista está sometida a varios Riscos, dos que os máis importantes son:

1. En primeiro lugar o financiamento, dependente neste momento nun 75% dos orzamentos da propia AGAMFEC.
2. Os contidos orixinais son poucos. Os orixinais, no mundo sanitario, viaxan a revistas de ámbito estatal ou internacional.
3. É unha revista moi amateur, moi pouco profesionalizada. Isto dalle frescor pero tamén inseguridade cara o futuro, na medida que se depende do voluntarismo de poucas persoas.

Entre os proxectos e obxectivos para o futuro contamos con:

1. A dixitalización de todo o arquivo de revistas, que no temos neste momento.
2. Mellorar a calidade da edición e a científico-técnica dos contidos, aumentando o peer-review, para dotar de maior seriedade e imparcialidade ás revisións dos manuscritos.
3. Ser un referente documental dos profesionais de atención primaria.
4. Alcanzar un maior impacto social. Para iso estaría ben contar cunha rede máis ampla, dentro do terceiro sector, onde se poida ser mirada e tamén puidéramos realizar colaboracións transversais con outros medios. Sen dúbida, o formato para isto ten que ser electrónico.

www.agamfec.com

The screenshot shows the AGAMFEC website with the following elements:

- Header:** Logo of the "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria" (AGAMFEC) and the text "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria".
- Navigation Menu:** A horizontal bar with buttons for "Inicio", "AGAMFEC", "Novas", "Grupos", "Formación", "Enlaces", and "Cadernos".
- Main Content Area:**
 - On the left, a vertical logo for "asociación galega de medicina familiar e comunitaria" with the AGAMFEC logo below it.
 - Text describing the association: "A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia." and "Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade."
 - Logo for the "XXV Congreso" of the "Sociedade Española de Medicina de Familia e Comunitaria".
 - Website address: "www.semfc.es".
- Footer:** A horizontal bar with "Investigación" and "Bolsa de Trabajo" sections, and contact information: "AGAMFEC", "Rosalía de Castro 13, 1º, 15004 A CORUÑA", "Telf: 981-216 416", "Fax: 981-217 542", "e-mail: secretaria@congreso.es", "Información Legal", and "Criterios de Calidad".

www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche
mellor servizo e máis información